

ABANCA e o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais coruñés colaboran con alternativas de financiamento e asesoramento para as persoas colexiadas

- O banco e o colexio traballan en conxunto con diversas opcións de crédito e financiamento para facer fronte aos retos sectoriais
- A entidade financeira ofrece un catálogo de produtos e servizos específicos para os enxeñeiros e enxeñeiras

O 23 de maio ABANCA e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (COETICOR) veñen de asinar un acordo de colaboración que outorga especial relevancia á mellora do acceso ao crédito das persoas colexiadas e que busca dar resposta ás súas necesidades do día a día.

O acordo foi asinado esta mañá na Coruña polo director territorial de ABANCA na Coruña, Óscar Salgado Seijas, e o decano-presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña, Macario Daniel Yebra Lemos. Durante o encontro os dous representantes compartiron impresións e conversaron sobre a trascendencia da alianza, que reforza o compromiso que a entidade financeira mantén co sector.

No texto recóllense unha serie de condicións para a contratación de produtos e servizos do banco e detállase unha oferta de produtos deseñados especificamente para mellorar a competitividade, como pólizas de crédito, préstamos persoais e hipotecarios, leasing mobiliario ou avais.

Así mesmo, ABANCA comprométese a apoiar as necesidades actuais dos enxeñeiros e enxeñeiras do Colexio e reducir os posibles efectos negativos derivados da evolución da economía. Para iso pon a disposición das persoas colexiadas diferentes liñas de financiamento dos organismos públicos do ICO, Igage ou SGR galegas, que tramita con especial dilixencia.

Tarifas personalizadas e ABANCA Persoal

No acordo especifícase tamén a posibilidade de que os e as profesionais da enxeñería técnica industrial teñan acceso a tarifas personalizadas na alta e mantemento de dispositivos TPV físicos e virtuais, así como condicións vantaxosas de carácter financeiro para dar resposta ás súas necesidades e ás das súas familias mediante produtos como a Tarifa Plana de ABANCA Seguros ou fondos de inversión.

A través da unidade especializada ABANCA Persoal, as persoas colexiadas poderán dar cobertura ás súas necesidades e contar cun servizo de asesoramento e xestión integral. Tamén terán acceso a un amplo catálogo de produtos propios e contarán con xestores especializados en materia específica de seguros e banca electrónica. Así mesmo, o documento recolle de forma específica o acceso á Tarifa Plana de ABANCA Seguros, que permite aos colexiados e colexiadas agrupar os seguros contratados no banco para fraccionar mensualmente os pagos.

